FOMOS FICANDO SÓS

Unha vez flotando de pachena pola noite no Mar Caribe aprendín a traducir o ruxido que facía a auga nos meus oídos. Penso que foi a primeira vez que sentín paz.
Outra noite mergullada entre burbullas nunha bañeira aprendín a non planificar nunca xamais nada, a esquecer para sempre o coello branco de Alicia e simplemente; vivir.
Moitos lusco-fuscos fuxín do barullo constante instalado na miña testa cara un recuncho detrás dunha ermida, onde só pode verse mar e ceo. Se te sentas na beiriña, pechas os ollos e deixas que o salseiro te reseque a pel, podes escoitar asubiar o silencio.

Choiva e mar | nai e pai.

Un verán recalei nas praias de Jūrmala despois de telas visto algúns poemas atrás. Nese mar marelo como os ouriños aprendín que non importa como, pero todo remata sempre.

Auga | ven e vai.
Lembranzas
Mar | Infinito

Saudade frenética dunha tarde de néboa, camiñabamos morriñentos insaciables dunha resaca estival, dun golpe de mar que nos arrebatara o sentido. Corremos como se non tiveramos nome, paralelos á beira da escuma, caracoleando a súa silueta, sentindo a punzante dor que sobe dende os pés á caluga cando o mar bate contra eles. Escachábamos coa risa cada vez que se te mollaban os pantalóns, ata que chegou o momento que xa todo foi néboa. E alí, Ficamos SóS, o mar, a risa e mais nós.

Hierática apatía que me afonda cara vós | en ti quedarei queda.

Carolina Martínez Rodríguez

Esta mostra, realizada *ex profeso* para o Outono Fotográfico, nace a raíz da necesidade de atlantizar un festival profundamente de interior. A mellor forma era traer o mar á presente publicación encapsulado nestas fotos que son a visión plural de 13 autores e autoras sobre o Azul. En concreto é unha outra visión do mar diferente, relacionada coa inspiración ou a contemplatividade, e tendo como norte o primeiro verso do poema Sós de Manuel Antonio, que é o título da exposición.
Fomos ficando sós persegue esa concepción do mar poética, ou plástica; ás veces melancólica e ás veces evocadora. Asemade, as distintas pezas que forman a mostra tamén queren levar a esa soidade da que fala o poema. Por iso, cando o/a espectador/a lea as imaxes e se vaia mergullando en cada unha, e en todas, a soidadade individual de cada imaxe acentuarase na totalidade de todas xuntas, onde a intención de confusión provocada por/pola(s) autor/a(s), só pode ser combatida polo espectador cando interiorice cada obra, e cada foto.

Fomos ficando sós é unha historia coral, unha mesma casa con moitas fiestras que se abren cara o mar.

Curadores: **Carolina Martínez** e **Vítor Nieves**
Fotografías de **Tono Arias, José Romay, Carlos Puga, Nachok, Xaquín Rosales, Luis Barreiro, Santiago R. Gavín, Carolina Martínez, Esther Míguez, Manuel Martínez, Eduardo Pérez, Jorge Meis, Víctor Rivera**

En Exponav, Centro Cultural e Social da Armada, Ferrol, do 26 de outubro ao 21 de decembro

Radiograma. 2011

Carolina Martínez Narón, 1982

De formación autodidacta, comecei a andadura na fotografía baixo as ensinanzas de Jorge Meis. Posteriormente fundei con outros fotógrafos afeccionados a asociación fotográfica Grupo Bazán. A partires do ano 2000 estou bolsada nos cursos de verán do CIEC (Centro Internacional da Estampa Contemporánea de Betanzos), onde recibo clases de Omar Kessel, Peter Schneider, Eduardo Castro Bal entre outros. A partires do ano 2007 realizo diversos talleres dentro do festival Photoespaña con autores coma Isabel Muñoz, Ricky Dávila e Adriana Lestido. Dende comezos do ano 2009 tomo clases de arte, fotografía e cine na UDC (Universidade da Coruña) e no MACUF (Museo de Arte Contemporánea Unión Fenosa). No 2011 fundo con outros compañeiros o Fotoforum Andaravía. Dende o 2011 colaboro como comisaria co Outono Fotográfico.

Sen título. 2012

Eduardo Pérez Gil Ferrol, 1971

Comezo como fotógrafo en *Diario16 de Galicia* no 90/91, participo no Outono Fotográfico '96 cunha reportaxe sobre La Habana; dedicado ao deseño gráfico dende o ano 2001, en 2011 volvo á fotografía.

Esther Míguez Durán 1965

De formación autodidacta, sempre estiven vinculada á fotografía. O que comezou sendo unha afección temperá foi adquirindo co paso dos anos unha dimensión máis persoal e comprometida.
Asistín a varios obradoiros fotográficos da man de Juan Moreiras, Ricky Dávila e Cristina García Rodero. Así mesmo participei nos talleres que organiza a Universidade da Coruña capitaneados por Rocío Brage, dous deles específicos de retrato.
Hai uns meses realicei a miña primeira exposición fotográfica, «A memoria calada». Actualmente estou inmersa na elaboración dun libro que recompila e xunta momentos poéticos e fotográficos.
Intento narrar o que sinto a través da fotografía.

Cuando llueve el mar. 2011

Espazos portuarios. 2002

Carlos Puga Vigo, 1067

Fotógrafo, editor, coordinador de talleres e comisario de exposicións.
Traballou en prensa diaria en Galicia desde 1989 a 2000, finalizando esa etapa co premio «José Aurelio Carracedo» de xornalismo de Galicia en 2001.
Desde 2000 até 2008 colaborou con publicacións nacionais como: *Viajar, Deviajes, Geo, Traveler, Altair, Maxín.*
Desde 2004 organiza e coordina os «talleres de fotografía Fotoxoguete» con fotógrafos como: Óscar Molina, José Manuel Navia, Vari Caramés, Juan Pablo Moreiras, Eduardo Momeñe.
En 2006 crea a editorial de fotografía Fotoxoguete, donde se publican dúas colecciónes, actualmente abertas, «Fragmentos» e «dezxquince».
De 2009 a 2011 traballa no proxecto fotográfico «O Golfo de Fonseca» que se materializa nunha exposición, audiovisual e libro.
Desde 2009 comisariou, coordinou e participou en varias exposicións colectivas.
Actualmente traballa para *El País* e *Interviú.*
En xull de 2011, funda xunto a Xabier Fernández e Alejandro Nóvoa, copias de autor - Fine Art Inkjet, ofrecendo xestión integral de proxectos fotográficos.
En el 2012 funda xunto a Xaquín Rosales «lomasminimo».

Ourizo de mar

Víctor Rivera Jove Ferrol 1972

Dedícome profesionalmente á fotografía dende o ano 2000 aínda que foi compañeira ao longo da miña vida dende moi curta idade. Traballo principalmente en fotografía editorial e publicitaria.
[www.victorjovefoto.com]

Jorge Meis Ferrol, 1967

Graduado en Fotografía Artística pola Escola Pablo Picasso da Coruña en 1991, ten un historial cheo de premios (Hofmann, Camiños de Ferro, Xuventude 97...), exposicións e actividades, das que destacamos as súas mostras no Estudio Tría de Santiago e na Galería Dixital, o Café Zucre e o Centro Cultural Carballo Calero de Ferrol, en 1997; participou cunha mostra individual no Outono Fotográfico de 1998, e xa neste ano se incorporou como fotógrafo no *Diario de Ferrol*. Foi gañador da foto do ano de Galicia en Foco 2003. Recentemente participou nas mostras «Imaxes maiores», na Obra Social Caixa Galicia, coordinada por Vari Caramés, e en «Marea negra», no Ateneo de Ferrol.

El Cano. 2012

Tono Arias Duci, Allariz, 1965

Fotógrafo de prensa e documentalista desde os anos 90 traballando en diversos medios de comunicación.

Desde o ano 92 traballa como fotógrafo independente, creando un estudio de fotografía en Santiago de Compostela, onde realiza os diversos traballos profesionais no ámbito da fotografía industrial, publicidade, moda, arquitectura, editorial e documental. Actualmente acaba de poñer en marcha na Estrada o proxecto Dispara: Estudio de fotografía, editorial, centro de impresión dixital, librería especializada e galería de arte.

[www.dispara.org]

Gabeira. 2011

Jose Romay Pontevedra, 1978

Estudou fotografía e BBAA. Documentalista fotográfico, realiza traballos comerciais e imparte talleres de fotografía.

[www.joseromay.com]

Océano Atlántico. Gran Sol. 2009.
Do libro *No Grande Azul* publicado
por CEF Vigo, 2010

Ignacio Castro 'Nachok' Madrid, 1974

Empeza a fotografar no ano 2000 coa aparición das primeiras cámaras dixitais. O seu traballo evoluciona cunha mirada fixada no cotiá.

Santiago R. Gavín Riotorto, Lugo, 1973

Ano cero. Día un.

Pescadores de profundidades. 2012

Luis Barreiro Meaño, Pontevedra 1981

Realiza estudos superiores de Artes Plásticas (Fotografía Artística), na Escola de Artes Antón Faílde de Ourense (2002-2004). Realiza con Óscar Molina «Mirar detrás de la cámara», workshop encamiñado cara unha búsqueda persoal creativa (2005). Amplía a súa educación na Escola GrisArt de Barcelona, cos artistas Luca Pagliari e Rafael Badía (2005-2006). Workshop en Campus Photoespaña co artista norteamericano Stephen Shore (2009).

Realizou diversas exposicións na Galiza, a nivel nacional e en Portugal.

A súa obra foi galardoada enre outras pola Obra Social Caja Madrid, pola Deputación de Pontevedra (Novos Valores), e pre-seleccionado para a plataforma de fotografía contemporánea SCAN.

Colabora habitualmente co colectivo galego Fotoxoguete. Na actualidade vive e traballa como profesional da imaxe en Alemaña.

SOS. Fomos ficando sós o Mar e o barco e máis nós. Roubáronno-lo Sol. O paquebote esmaltado que cosía con liñas de fume áxiles cadros sen marco. Roubáronno-lo Vento. Aquel veleiro que se evadiu pola corda floxa do horizonte. Este océano desatracou das costas e os ventos da Roseta orientándose ó esquenzo. As nosas soidades veñen de tan lonxe como as horas do reloxio. Pero tamén sabémo-la maniobra dos navíos que fondean a sotavento dunha singladura. No cadrante estantío das estrelas ficou parada esta hora: O cadáver do Mar fixo do barco un cadaleito. Fume de pipa. Saudade. Noite. Silencio. Frío. E ficamos nós sos. Sen o Mar e sen o barco Nós.

Manuel Antonio. 1928

Sen título. 2012



SOS. FomosficandosósoMareobarcoemáisnós.Roubáronno-loSol.Opaquebotesmaltadoquecosíaconliñasdefumeáxilescadrossenmarco.Roubáronno-loVento.Aquelveleiroqueseevadiupolacordafloxadohorizonte.EsteocéanodesatracoudascostaseosventosdaRosetaorientándoseósquenzo.Asnosassoidadesveñendetanlonxecomoashorasdoreloxio.Perotaméns abémo-lamaniobradosnavi

Xaquín Rosales Vilagarcía de Arousa, 1958

Vive e traballa en Vilagarcía de Arousa.

Fotógrafo identificado co ambiente cotián e cunha tendencia creativa orientada cara á realización de imaxes que tentan representar, desde unha perpectiva metafísica e poética, espazos temporais apoiados na memoria.

Expón a súa obra regularmente, participando nos últimos anos en numerosas exposicións colectivas e individuais. Camiñante incansable, curioso e observador, imprime aos seus traballos unha coherencia estilística, con dose de naturalidade e de aberta visión.

No estoy en cualquier lugar

Los sonidos de mar me acompañan, contemplo el vuelo de las aves y sus gritos, siento como las gotas de agua salpican mi rostro y la humedad sube por mis pies en contacto con la arena.
Sí, estoy aquí, no estoy en cualquier lugar, pero las voces me perturban y conforman un puzzle, desordenado, incoherente, desdibujado, no puedo dejar de pensar aunque eso es lo que deseo, lo intento una y otra vez, a cada paso que doy, en cada largo. Vuelven una y otra vez y me pregunto que persiguen, ¡no las necesito! solo deseo fijar mi atención en el color y la imagen abstracta que tengo ante mí, sin límites, desaparecer de este lugar y fundirme en ella, navegar en sus matices.

No estoy en cualquier lugar

Los sonidos de mar me acompañan, contemplo el vuelo de las aves y sus gritos, siento como las gotas de agua salpican mi rostro y la humedad sube por mis pies en contacto con la arena.
Sí, estoy aquí, no estoy en cualquier lugar, pero las voces me perturban y conforman un puzzle, desordenado, incoherente, desdibujado, no puedo dejar de pensar aunque eso es lo que deseo, lo intento una y otra vez, a cada paso que doy, en cada largo. Vuelven una y otra vez y me pregunto que persiguen, ¡no las necesito! solo deseo fijar mi atención en el color y la imagen abstracta que tengo ante mí, sin límites, desaparecer de este lugar y fundirme en ella, navegar en sus matices.

No estoy en cualquier lugar. 2012

Infinito: Essaouira – Fisterra – Essaouira. 2012

[Páxina seguinte] **Manuel Martínez** Güín, Ourense 1959

Deseñador gráfico e fotógrafo.

Ten publicado dous libros de fotografía: *Ghats* e *24-10-06* na editorial «Candeia editora».

Entende ao igual que Proust que «o estilo non é unha cuestión de técnica, senón de visión». «A linguaxe fotografía como a poesía é ese lugar onde todo está espido».

osquefondeanasotaventodunhasingladura.Nocadranteestantiodasestrelasficouparadaestahora:OcadáverdoMarfixodobarcouncadaleito.Fumedepipa.Saudade.Noite.Silencio.Frio.EficamosnóssóS.SenoMaresenobarcoNós.ManuelAntonio.1928